

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONSORCIO CENTRO DE INVESTIGACIÓN BIOMÉDICA EN REDE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A CONSELLERÍA DE SANIDADE

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde e a Consellería de Sanidade asinaron o día 01.01.2023 co Consorcio Centro de Investigación Biomédica en Rede (en adiante, CIBER), o instrumento convencional arriba referido, cuxa cláusula décima contempla que terá unha eficacia de 5 anos, a contar dende o 01.01.2023, con posibilidade de prórroga por outros 5 anos mais, consonte co sinalado na Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco dentro do cal se desenvolverán as relacións entre o CIBER e as institucións integrantes do consorcio, en materia de recursos humanos, bens patrimoniais, dereitos da propiedade intelectual e industrial e difusión, as condicións económicas de compensación por servizos prestados entre as institucións integradas no consorcio e os centros de realización, entre outras (cuxo límite ven determinado pola convocatoria de axudas das que trae causa a constitución do consorcio e o financiamento polo Instituto de Salud Carlos III (en adiante ISCIII), así como polo establecido no estatuto do CIBER).

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta no seguinte:

O CIBER é un consorcio público dotado de personalidade xurídica, segundo o contemplando nos artigos 118 a 127 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, financiado en parte polo ISCIII, con patrimonio propio e capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, que ten por obxecto promover e colaborar na investigación científica, desenvolvemento do coñecemento e transferencia do mesmo cara a sociedade.

A Consellería de Sanidade é membro do CIBER dende a súa constitución e como tal asinou o Convenio de Colaboración que permite que a Consellería de Sanidade teña así a consideración de institución integrada no consorcio CIBER. Pola súa parte, o Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela e o Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña son os centros onde se localizan os grupos de investigación adscritos ao CIBER.

Segundo o establecido no convenio de colaboración e nos estatutos do CIBER, os grupos de investigación adscritos ao mesmo están formados por dous tipos de profesionais:

- “Persoal propio”: é o persoal da Institución integrada no consorcio (Consellería de Sanidade) e/ou do centro de realización (CHUS e CHUAC). Investigadores dos Grupos de Investigación

adscritos ao CIBER, vinculados por medio de relación funcional, estatutaria ou laboral coa Institución integrada no consorcio ou co centro de realización, é dicir, persoal da Institución.

• "Persoal con cargo": é o persoal propio do CIBER que está vinculado por medio de calquera modalidade de contratación laboral ou dun programa específico de formación co CIBER e que realiza a súa activade no marco do establecido no Plan Estratéxico do CIBER formando parte dun Grupo de Investigación adscrito ao CIBER nas dependencias dos centros de realización, é dicir, persoal do CIBER.

O presente convenio entre o CIBER e a Consellería de Sanidade como institución integrada no consorcio, na liña dos convenios anteriormente asinados, ten como obxectivo definir o marco que ordene os criterios a aplicar en materia de:

- Organización, obrigas e responsabilidades do persoal investigador que participa no CIBER, tendo en conta se se trata de persoal propio do sistema o persoal con cargo ao CIBER;
- Dereitos de propiedade intelectual, industrial ou de outro tipo derivada das actividades do CIBER;
- Confidencialidade e difusión das actividades ou resultados obtidos polos grupos adscritos ao CIBER;
- Criterios para establecer as compensacións económicas do CIBER á institución consorciada polos custes derivados da actividade investigadora;
- Criterios en relación ao réxime patrimonial dos bens propios do CIBER, para a utilización e determinación de compensacións en relación coas infraestruturas adquiridas polo CIBER e instaladas nos centro de realización pertencentes ao Sistema Sanitario Público de Galicia.
- Todos aqueles aspectos que deriven da relación entre o CIBER e o Sistema Sanitario Público de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alieo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

